# Traballadores de Francisco Parada comezan unha peregrinación a Compostela



[1]
Varios empregados de Francisco Parada aos que a empresa lles adebeda mensualidades iniciaron o 5 de maio en Sarria unha peregrinación a pé até Compostela, a onde confían chegar catro días máis tarde. Mentres, o propietario da compañía querelouse contra o asesor sindical da CIG por "calumnias e inxurias" por chamalo moroso, cualificativo que resulta obvio ao teor das débedas cuantiosas que o patrón ten contraídas con asalariados seus.
05/5/10.
Roberto Pérez Vila, responsábel comarcal do comercio, critica que Francisco Parada estea a utilizar diñeiro para querelarse contra el mentres segue a incumprir as súas obrigas con traballadores aos que non paga desde hai meses. Mesmo existe o caso dun empregado que leva un ano sen percibir o salario.

**Cinco demandas contra a empresa**

Até o momento hai cinco demandas xudiciais presentadas contra a compañía para esixir a extinción dos contratos, reclamar os salarios pendentes do ano pasado, os atrasos de convenio correspondentes a 2008 e 2009 ou os meses de baixa que non foron abonados, entre outros conceptos.

O primeiro xuízo sobre extinción de contratos celebrarase en xullo, mentres que as vistas relacionadas coas cuestións económicas non se ventilarán até 2011.
**Novas relacionadas:** Persoal de Francisco Parada participa nunha "procesión" para manifestar o seu propio calvario [2]
Francisco Parada segue adebedando máis de sete mensualidades [3]
Continúan as concentracións fronte a Francisco Parada [4]
Os traballadores de Francisco Parada mobilízanse para reclamar o cobro dos atrasos [5]

**Ligazóns:**
[1] http://cigservizos.org/node
[2] http://cigservizos.org/nova/2010.04.03/persoal-de-francisco-parada-participa-nunha-procesion-para-manifestar-o-seu-propio-c
[3] http://cigservizos.org/nova/2010.03.23/francisco-parada-segue-adebedando-mais-de-sete-mensualidades
[4] http://cigservizos.org/nova/2010.03.11/continuan-concentracions-fronte-francisco-parada
[5] http://cigservizos.org/nova/2010.02.18/os-traballadores-de-francisco-parada-mobilizanse-para-reclamar-o-cobro-dos-atrasos